



O día 17 de Setembro se tiveron lugar as Xornada denominadas Confrarías de Pescadores: a colaboración e a defensa dos intereses como marcas de identidade na sede da Federación Galega de Confrarías

A xornada tiña como obxectivo principal dar a coñecer ás confrarías de pescadores dende a perspectiva de entidade de dereito público, de entidade de economía social e de organización de defensa dos intereses. Como finalidade da Xornada estaba o fomento da participación nas próximas eleccións unificadas que o día 29 de setembro terán lugar en todas as confrarías de Galicia.

As Xornadas contaron cunha ampla participación de socios/as das confrarías que quixeron coñecer mais de cerca o que estas corporacións significan e os seus ámbitos de actuación.

As reflexións obtidas serven de base para coñecer cal son as características que teñen estas entidades e non outras para continuar con éxito a súa actividade ao longo da historia tan larga que teñen (dende o século XII) ata os nosos días.

Na mesa de debate se apuntaron as seguintes características como o segredo das nosas institucións. Se pasan a relatar sen ter prioridade un sobre outros, simplemente se relatan porque foron expostos polos participantes.

- 1.- Base histórica, experiencia no sector.
- 2.- A Obra social, é dicir o apoio á sociedade
- 3.- A transparencia na xestión
- 4.- A capacidade de decisión do colectivo que representa
- 5.- Os socios son o importante
- 6.- A honradez e a seguridade que ofrecen
- 7.- O sentimento de confraría como “a nosa casa”
- 8.- Os patróns/as maiores non son estranos, son da casa, do pobo..
- 9.- A capacidade de intermediación entre administracións e socios
- 10.- Se prioriza a capacidade e axuda ao socio ao interese económico da entidade
- 11.- Capacidade de adaptación das entidades ao longo do tempo
- 12.- A posibilidade de compartir experiencias entre confrarías
- 13.- A rede de confrarías existente mellora o coñecemento e a capacidade de axuda
- 14.- A autocrítica e o diálogo como base da organización

- 15.- A experiencia dos cargos de dirección nas confrarías
- 16.- A participación como base da organización
- 17.- A Adaptación aos tempos: modernización das estruturas
- 18.- A unión das confrarías conseguiu logros sociais
- 19.- O recoñecemento da Administración
- 20.- A conservación dos caladoiros/bancos marisqueiros como base de actuación.

En definitiva, a Xornada serviu para aumentar o coñecemento e por en valor as entidades así como intercambiar coñecemento e experiencias sobre o que significan as nosas entidades.